



EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 6/2009

SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2009
CREDITO EXTRAORDINARIO 1/2009

INFORME DE INTERVENCIÓN

I) ANTECEDENTES:


- Memoria do Concelleiro de Medio Ambiente Urbano e Facenda de 11 de xuño de 2009 do expediente de modificación de crédito por importe total de 17.868.158,63 € (credito extraordinario por 10.145.236,33 € e suplemento de credito por 7.722.922,30 €).
- Diversa documentación xustificativa da modificación proposta (memorias valoradas, informes dos correspondentes organos xestores ,expedientes incoados dos que se informou no seu dia da inexistencia de credito axeitado e suficiente para a súa financiación ,etc.
- Estado do remanente de tesourería.
- Estado de execución orzamentaria a data 11 de xuño de 2009.

II) LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- R.D. 500/90 , do 20 de abril ,polo que se desenrola o capitulo primeiro do Titulo VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- R.D.L. 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Real Decreto 1463/2007 ,de 2 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001.
- R.D. 2568/86, de 28 de novembro. Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.
- Regulamento de Goberno e Administración do Concello de Pontevedra.
- Base 10ª e 11ª das de execución do orzamento para o ano 2009 (prorrogadas as de 2008).

III) CONSIDERACIÓNS:

Primeira.- Referir o manifestado pola Titular do OXOC no referente ao escaso tempo dispoñible para o exercicio da preceptiva función Interventora que nin sequera chega aos cinco días establecidos para os expedientes declarados de tramitación urxente (art.s 50 e





CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCIÓN XERAL

83 Lei 30/92 ,de 26 de novembro) ca conseguinte limitación ao alcance e contido de dita función.

Segunda: Unha vez examinadas a Proposta do Concelleiro de Medio Ambiente Urbano e Facenda e o informe da Titular da OXOC se deriva o seguinte,

a.-A regulación legal dos suplementos de credito e creditos extraordinarios (art.177 RDL 2/04) os conceptualiza e enmarca do xeito seguinte , en sintese :

"1. Cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista nel orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o Presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, nel segundo.

2. O expediente, que haberá de ser previamente informado pola Intervención, se someterá a aprobación do Pleno da corporación, con suxeción aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán asimismo, de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do RDL 2/04 .

4. O expediente deberá especificar a concreta partida presupuestaria a incrementar e o medio ou recurso que financieira o aumento que se propon.

Dito aumento se financiará con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacions ou baixas de créditos de gastos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cujas dotacions se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.


No expediente se acreditará que os ingresos previstos no orzamento veñan efectuándose con normalidade, agas que aquélos teñan carácter finalista."

b.-O desenrolo regulamentario desta regulación legal se atopa nos arts 35-38 do RD 500/90 , de 20 de abril onde ,entre outros , se regula o contido e cuestións esenciais a acreditar na Memoria xustificativa a incluír no correspondente expediente de credito extraordinario/suplemento de credito.

c.-Dadas as circunstancias descritas na consideración primeira e tomando como fundamento o Informe da OXOC podemos centrar a fiscalización do expediente nas cuestións ou aspectos principais a considerar segundo describe dito informe , a saber :

1.-A existencia dun gasto específico e determinado.

2.-Que dito gasto non poida ser demorado ata o exercicio seguinte.





CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCIÓN XERAL

3.-A inexistencia de credito orzamentario ou insuficiencia do mesmo e a fonte de financiación da modificación orzamentaria proposta..

Terceira:A existencia dun gasto especifico e determinado.

Neste punto , continuando ca referencia ao Informe da Titular da OXOC ,se debe distinguir ou diferenciar dentro do expediente os casos seguintes :

a.-Remanentes de credito que non poideron ser incorporados ao exercicio 2009.

Dentro deste grupo estan todos aqueles casos de creditos que non foron incorporados por non cumprir os requisitos legais para tal modificación (art.182) e suman 3.709.657,31 € e que ,en principio , xa deberian estar executados no correspondente exercicio ademais de que a documentación presentada non xustifica ou motiva a existencia dos mesmos e a non execución do correspondente gasto no seu momento cando alguns incluso foron obxecto doutro expediente de credito extraordinario.Nestes casos procederia a previa xustificación ou explicación da súa inexecución o que desvirtua o carácter urxente e indemorabile dos mesmos.


Cabe lembrar neste apartado o mandato Constitucional do art. 31.2 da Carta Magna referente a asignación equitativa dos recursos públicos na execución do gasto e o sometemento da súa programación e execución aos principios de eficiencia e economia.

b.-Compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores de carácter plurianual.

Neste grupo se atopan aqueles compromisos de gasto plurianuales cuia execución no exercicio 2009 esta condicionada pola situación actual no Concello de Pontevedra de orzamento prorrogado o que determina a inexistencia de consignación orzamentaria que se trata de solventar a traves deste expediente de credito extraordinario/suplemento de credito. Esta situación afecta a creditos orzamentarios por importe de 4.913.282,43 €.

Cabe reseñar neste punto que a Corporación ten a obriga legal de aprobar un orzamento anual (art.164 do RDL 2/04) e que o seu incumprimento ocasiona rixideces e limitacions no funcionamento do Concello que agora se tratan de paliar via modificación orzamentaria , pero esto ,na miña opinión, tampouco se encadra dentro dos supostos que motivan ou xustifican a tramitación dun credito extraordinario ou suplemento de credito como casos de gastos concretos e determinados de carácter indemorabile que non poideron preverse e consignarse pola via "normal" da aprobación do orzamento anual.

Por outro lado ,tamen se debe considerar que estamos a tratar de compromisos de adquiridos en exercicios anteriores e que deben ser cumpridos no seu contido baixo o principio constitucional de legalidade en todo caso.





CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCIÓN XERAL

c.-Expediente "novos".

De novo teño que remitirme ao contido do Informe da OXOC onde se indica que neste grupo ,que suma 9.245.218,89 € ,a xustificación da súa inclusión obedece a varias causas e que na maioría dos casos non consta a motivación da urxencia o esta é mínima e ,de seguido , realiza unha análise concreto dos mesmos que suscribo na súa totalidade.

Cuarta : Que dito gasto non poida ser demorado ata o exercicio seguinte.

Este aspecto en concreto debe ser considerado e aprobado polo Pleno teniéndose en conta a documentación que integra o expediente ,especialmente a Memoria xustificativa regulada no artigo 37 do RD 500/90.

De todos modos , como se pon de manifesto no Informe da OXOC , en certos casos esta urxencia non se deriva da documentación xustificativa aportada.

Quinta :A inexistencia de credito orzamentario ou insuficiencia do mesmo e a fonte de financiación da modificación orzamentaria proposta.

Das diferentes situacións descritas e polos motivos indicados os gastos a acometer por medio deste expediente se atopan sen consignación orzamentaria e para poder aprobar a modificación proposta e requisito esencial esixido pola normativa legal e regulamentaria a determinación do medio ou recurso que financiará dita modificación .

Os art.177 do RDL 2/04 e 36 do RD 500/90 establecen as seguintes fontes de financiación para este tipo de modificación orzamentaria :

-Remanente líquido de Tesourería.


-Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

-Baixas de credito de gastos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas cujas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

-Con carácter excepcional e nas condicións reguladas no art.177.5 do RDL 2/04 , operacións de credito.

Do contido do expediente obxecto deste informe se comproba que as fontes de financiación empregadas son o Remanente Líquido de Tesourería e as baixas de credito distribuídas do modo seguinte :

FORTE DE FINANCIACIÓN	IMPORTE
Remanente Líquido Tesourería	16.788.464,00 €
Baixas de credito	1.079.694,63 €
Total modificación	17.868.158,63 €





CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCIÓN XERAL

Como tamen pon de manifesto a Titular da OXOC no seu informe , unha vez aprobado este expediente de modificación quedará un Remanente Liquido de Tesourería de 38.187,34 € co cal esta fonte de financiación para outras modificacións queda practicamente esgotada.

Sexta :Estabilidade Orzamentaria.

Segundo o establecido no artigo 165.1 do TRLRFL, segundo redacción dada pola Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, o Orzamento xeral das entidades locais deberá atender ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria , como se conceptúa esta magnitude no R.D. L. 2/2007. Segundo o artigo 19.3 da devandita Lei, "**se entenderá por estabilidade presupuestaria la situación de equilibrio o de superávit en términos de capacidad de financiación de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales**".

Segundo esta definición, a estabilidade orzamentaria de equilibrio ou superávit (capacidade de financiamento) ponse de manifesto cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. Doutro xeito, tamén existe equilibrio ou superávit cando o saldo neto de Activos e Pasivos financeiros (capítulos 8 e 9 do Estado de Ingresos menos os Capítulos 8 e 9 do Estado de Gastos) amosa que a entidade non necesita financiamento alleo en termos netos, ou ben, de chegar a necesitalo, a contía do mesmo é igual ou inferior ó superávit ou saldo neto de operacións non financieras (capacidade de financiamento).

O obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2008-2010 para o conxunto do Sector Público e para cada un dos axentes que o integran foi aprobado polo Consello de Ministros, na sesión de 14 de xuño de 2007, e logo convalidado polos Plenos do Congreso dos Deputados (sesión de 17 de xuño) e do Senado (sesión de 22 de xuño). En tal obxectivo, se preve un superavit do 0,3% do PIB para o Estado e os seus organismos e un superávit na Seguridade Social do 0,6% ase como un superavit do 0,25% para as CC.AA, establécese o "déficit cero" para as Administracións Locais, de xeito que para o seu cumprimento deben de aprobar ós orzamentos con equilibrio ou superávit.

Por Circular de 16 de abril de 2009 da Dirección Xeral de Coordinación Financeira cas CC.AA. E cas EE.LL se comunicou o acordo da Comisión Nacional de Administración Local de 30/03/09 relativo a aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria na que se establece un déficit máximo do 4,81% ,na liquidación do exercicio 2008, dos ingresos non financeiros para a non esixencia de presentación de Plans Economico-financeiros.

Dunha simple análise do exposto, ponse claramente de manifesto que despois de aprobarse expedientes de modificación orzamentaria 6/09 suplemento de credito 1/2009 e credito extraordinario 1/2009 se incurre nun suposto de inestabilidade orzamentaria ao non terse como recurso o remanente liquido de tesoureria para gastos xerais.





CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCIÓN XERAL

Nembargantes, tal e como establece o art.21 do RD.1463/2007, neste caso aínda que se incurre, nun principio, nun suposto de inestabilidade orzamentaria e debería procederse a elaboración dun plan económico-financieiro no prazo de tres meses dende a aprobación de ditas modificacións ao financiarse as mesmas con Remanente de tesourería para gastos xerais se exceptúa da obriga de aproba-lo referido plan ata a liquidación do orzamento do exercicio 2009.

Reiterar asemesmo as manifestacións da Titular do OXOC sobre a posibilidade de entrar en inestabilidade orzamentaria e ter que supeditar a actuación económico-financieira a un Plan Económico Financeiro tutelado pola Xunta de Galicia e a Intervención Xeral da Administración do Estado de cara a futuros exercicios polo que se insta a unha axeitada planificación e execución orzamentaria ca base dos principios constitucionais de eficiencia e economía.

Séptima: Ao expediente unírase tamén o dictame da Comisión informativa de Facenda, de acordo co disposto nos artigos 123 e 126 do R.O.F.

Octava: Unha vez completado o expediente someterase á aprobación do Pleno do Concello, cos mesmos trámites e requisitos cos Orzamentos, sendo tamén aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade a que se refire o artigo 169 do TRLRFL.

Novena: Ao abeiro do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.4 do TRLRFL, deberá remitirse copia do expediente completo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, simultaneamente ó envío ó B.O.P. do edicto publicando o resumo do estado de gastos resultante.

IV) CONCLUSION.

Por todo o exposto, esta Intervención de acordo co artigo 214 e ss. do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais informa o expediente en sentido favorable cas observacións indicadas tendentes ao cumprimento da normativa e principios esixibles a unha Administración pública no ámbito orzamentario de indole constitucional, legal e regulamentaria.

Non obstante, a Corporación decidirá.

Pontevedra, a 12 de xuño de 2009.



Interventor Xeral Municipal